

ANEXO IV - MODALIDADE PLAMBE-CONCERTADOS

PROGRAMA DE BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2022/2023

Deberá incluír (nun máximo de 16 páxinas, tamaño da fonte 12, dobre espazo) as medidas para a optimización dos espazos, a organización e automatización dos fondos, actividades para o fomento da lectura e contribución ao desenvolvemento do proxecto lector de centro; actuacións en materia de formación de usuarios e de educación para a competencia informacional e mediática; contribución da biblioteca ao desenvolvemento do currículo das diferentes áreas e materias; medidas para a compensación das desigualdades sociais e dinamización cultural do centro (en materia de lectura e de extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, edición de boletíns informativos etc). Incluirase unha análise da situación real da biblioteca e das necesidades máis urxentes en materia de fondos, equipamento, mobiliario ou outros.

Toda esta información agrúparase nos seguintes apartados:

1. Xustificación.
2. Breve descrición das necesidades máis urxentes en materia de equipamento e colección.
3. Obxectivos (realistas e concretos).
4. Tipo de organización e funcionamento previsto.
5. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos:
 - 5.1. Xestión técnica e organización.
 - 5.2. Formación para o uso, tratamento e produción de información.
 - 5.3. Formación de usuarios.
 - 5.4. Programas de formación para a competencia informacional e mediática.
 - 5.5. Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.
 - 5.6. Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.
 - 5.7. Apoio ao desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).
 - 5.8. Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.
 - 5.9. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.
 - 5.10. Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.
 - 5.11. Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.
 - 5.12. Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.
 - 5.13. Outros.
6. Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo de apoio).
7. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos a utilizar.